



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**Lugar:** casa do concello

**Data:** 11 de xaneiro do 2017

**Hora de comezo:** 20.30 horas

**Hora de remate:** 21.30 horas

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Dona Ana Isabel Alonso Taboada  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Don Jesús José Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde don Manuel Fernández Munín, reúnen-se os concelleiros/as, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria-interventora Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Designación de membros da Comisión de Contas**
- 3. Designación representantes dos órganos Colexiados: Consello Escolar, Padroado Fundación Pedro Pérez, Mesa de Contratación, Terras de Compostela, Xunta de Compensación SAUI 2**

4. **Dar conta dos decretos da alcaldía (designación concellerías e nomeamento concelleiros-delegados, nomeamento de tenencias de alcaldía, de membros da Xunta de Goberno Local)**
5. **Aprobación de dedicación exclusiva do alcalde**
6. **Dar conta da resolución de delegación de atribucións da alcaldía na Xunta de Goberno Local**
7. **Recoñecemento extraxudicial de facturas**
8. **Información da alcaldía**
9. **Rogos e Preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Empeza o señor Canabal desexando feliz ano, e sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes, apróbase a acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 7 de decembro do 2016.

### **2. Designación de membros da Comisión de Contas**

Di o señor Canabal que vota a favor, tendo en conta que se segue recollendo a proposta de proporcionalidade que reclamamos no pleno de xuño de 2015, polo que o grupo municipal de Veciñ@s queda integrado con dous membros.

Cos votos a favor de todos os presentes désígnanse os seguintes membros da Comisión de Contas:

<b>Presidente titular</b>	Don Manuel Fernández Munín
Suplente	Dona María del Carmen Botana Cebeiro
<b>Vogal 1</b>	Don Jesús Santasmarinas Devesa
Suplente	Don Jesús Sanjuás Mera
<b>Vogal 2</b>	Don Alejandro Bermúdez Devesa
Suplente	Dona Ana M <sup>a</sup> Seijo Mosquera
<b>Vogal 3</b>	Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Suplente	Don Antonio González Barral
<b>Vogal 4</b>	Don Xabier Canabal Fernández
Suplente	Dona M <sup>a</sup> Carmen Soutullo Carolo
<b>Vogal 5</b>	Don Perfecto Barcala Mosquera

### **3. Designación representantes dos órganos Colexiados: Consello Escolar, Padroado Fundación Pedro Pérez, Mesa de Contratación, Terras de Compostela, Xunta de Compensación SAUI 2**

O señor Canabal di que en canto ás designacións, ao igual que no punto anterior imos apoialas, toda vez tamén que se recollen as propostas de composición que tiñamos feito cando se constituíu a actual corporación.

Agora ben, queremos reiterar a nosa proposta, que de momento non foi tida en conta, no que ten que ver coa información destes órganos ao pleno da corporación. Entendemos que se o pleno designa os representantes no órgano, os propios membros do pleno teñen dereito a que estes órganos os informen puntualmente de todas as súas reunións e execucións que se levan a cabo. Por iso reiteramos ao pleno desta corporación que se nos faciliten de oficio todas as actas destes órganos (Consello Escolar, Padroado Fundación Pedro Pérez, Mesa de Contratación, Terras de Compostela e Xunta de Compensación SAUI 2), así como as convocatorias das mesmas cos ordes do día, para ter opción a facer as achegas que consideremos oportunas.

Polo demais, e en canto aos integrantes, non entramos a valoralas, se ben, como xa dixemos no pleno constitutivo da corporación, sería moito máis eficaz que no caso da Xunta de Compensación do SAUI 2, debido á súa complexidade xurídica, tivera un maior peso a secretaría deste concello.

En canto a Terras de Compostela o señor Sanjuás di que neste momento non hai nada decidido e que están coa selección de persoal.

En canto ás actas solicitadas polo señor Canabal, acéptase facerlle entrega das mesmas a partires das xuntanzas que se realicen desde esta data.

A continuación procédese coa votación, e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

#### **1. Nomear representantes no Consello Escolar a :**

- **Titular:** dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro
- Suplente: don Jesús Sanjuás Mera

#### **2. Nomear representantes no padroado da Fundación Pedro Pérez a:**

- **Presidente titular:** don Manuel Fernández Munín
- Suplente: dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro
- **Vogal 1:** dona Ana M<sup>a</sup> Seijo Mosquera
- Suplente: don Antonio González Barral
- **Vogal 2:** don Perfecto Barcala Mosquera
- **Vogal 3:** Ángeles Villar Couto (Alcaldesa pedánea de Ledesma)
- **Vogal 4:** Manuel Cao González (Alcalde pedáneo de Ledesma)
- **Vogal 5:** director do CPI Antonio Orza Couto
- **Secretaría :** a da corporación municipal.

3. Nomear membros da Mesa de Contratación a:

- **Presidenta titular:** dona Ana Mª Seijo Mosquera
- Suplente: don Manuel Fernández Munín
- **Vogal 1:** don Jesús Santasmarinas Devesa
- Suplente 1: don Jesús Sanjuás Mera
- **Vogal 2:** don Alejandro Bermúdez Devesa
- Suplente 2: don Antonio González Barral
- **Vogal 3:** dona Ana Isabel Alonso Taboada
- Suplente 3: dona Mª Carmen Botana Cebeiro
- **Vogal 4:** dona Mª Carmen Soutullo Carolo
- Suplente 4: don Perfecto Barcala Mosquera
- **Vogal 5:** dona Elena Suárez Rodríguez (secretaria-interventora)
- Suplente 5: don Juan Corral Sánchez
- **Secretaria titular:** dona Adela Lamela Arteaga
- Suplente da secretaria: dona Mª Lourdes García Abeijón

4. Nomear representante de “Terras de Compostela” a don Jesús Sanjuás Mera

5. Nomear representante da “Xunta de Compensación SAUI 2” a don Jesús Sanjuás Mera

**4. Dar conta dos decretos da alcaldía (designación concellarías e nomeamento concelleiros-delegados, nomeamento de tenencias de alcaldía, de membros da Xunta de Goberno Local)**

Dáse conta aos membros da corporación dos seguintes decretos:

A) Decreto de 27 de decembro do 2016, de designación de concellarías e nomeamento de concelleiros-delegados.

Na sesión plenaria que tivo lugar o 7 de decembro do 2016 procedeuse co nomeamento de novo alcalde, polo que procede á designación e o nomeamento dos concelleiros – delegados para a dirección interna e xestión dos correspondentes servizos. Por este motivo,

**RESOLVO:**

Designar as seguintes concellarías e nomear concelleiros–delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente a:

Don Manuel Fernández Munín	<b>Alcaldía</b> Secretaría municipal, asuntos protocolarios, relacións institucionais, relación coas comunidades residentes no exterior, promoción do concello, persoal, xestión económica e administrativa, control financeiro e orzamentario, xestión tributaria, xestión de obras públicas, ordenación urbanística,
----------------------------	---

	<p>coordinación de investimentos en infraestrutura, vías e obras, vivenda e expropiacións.</p>
<p>Dona María Carmen Botana Cebeiro</p>	<p><b>Área – Concellaría de educación, cultura e deportes</b></p> <p>Promoción cultural, políticas de educación e deportes, xestión de axudas e subvencións, xestións dos locais socioculturais e infraestruturas deportivas.</p>
<p>Don Jesús Sanjuás Mera</p>	<p><b>Área – Concellaría de servizos xerais, seguridade e medio ambiente</b></p> <p>Programa de recollida do lixo, mantemento e limpeza de contedores, composteiros e reciclaxe, servizo de limpeza viaria, beirarrúas e áreas recreativas. Programa de mantemento de pistas forestais, programa de rozas, programa de control e supervisión de consumos e subministracións eléctricas, revisión de contadores, programa de limpeza e mantemento de edificios públicos (colexio, instituto, centros de saúde, rede de centros socio - culturais, pavillóns polideportivos, ximnasio), programa de “fochas cero”, xestión do punto limpo, transporte metropolitano, abastecemento e saneamento, protección civil, seguridade cidadá, parques e xardíns, protección ambiental e defensa contra incendios.</p>
<p>Don Antonio González Barral</p>	<p><b>Área – Concellaría de industria, comercio, novas tecnoloxías e innovación</b></p> <p>Parques empresariais, comercio, protección o consumidos, feiras e promoción económica, implantación das novas tecnoloxías e dinamización tecnolóxica.</p>
<p>Dona Ana María Seijo Mosquera</p>	<p><b>Área – Concellaría de servizos sociais e igualdade</b></p> <p>Atención á terceira idade, discapacitados e colectivos en risco de exclusión, coordinación dos programas de dependencia e cobertura das necesidades sociais básicas, políticas de igualdade social, coordinación CIM e políticas de igualdade de xénero.</p>
<p>Don Jesús José Santasmarinas Devesa</p>	<p><b>Área – Concellaría de terra e monte</b></p> <p>Desenvolvemento rural, agricultura, gandería e montes, industrias derivadas destes sectores, concentracións parcelarias.</p>

Don Alejandro Bermúdez Devesa	<b>Área – Concellaría de formación, emprego, turismo e desenvolvemento local</b>  Programas formativos e de desenvolvemento local, promoción turística, protección do patrimonio histórico e artístico.
Dona Ana Isabel Alonso Taboada	<b>Área – Concellaría de xuventude e voluntariado</b>  Programas e políticas de xuventude e voluntariado xuvenil.

B) Decreto do 16 de decembro do 2016, de designación de tenencias da alcaldía

Na sesión plenaria que tivo lugar o 7 de decembro do 2016 procedeuse o nomeamento de novo alcalde, co cal e de acordo co disposto na lexislación vixente

RESOLVO :

- 1) Nomear titulares das tenencias da alcaldía aos seguintes concelleiros :  
Primeira tenencia de alcaldía: dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Segunda tenencia de alcaldía: don Jesús Sanjuás Mera  
Terceira tenencia da alcaldía: don Antonio González Barral
- 2) Corresponderá aos nomeados, substituír a esta alcaldía no exercicio das súas atribucións e nos supostos legalmente previstos.
- 3) Notificar esta resolución ás persoas designadas co fin de que presten, no seu caso a aceptación dos ditos cargos.
- 4) Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e publicalas así mesmo, no taboleiro de edictos do concello.
- 5) Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre.
- 6) Os nomeamentos serán efectivos desde o día seguinte á data desta resolución.

C) Decreto do 16 de decembro do 2016, de designación de membros da Xunta de Goberno Local

Na sesión plenaria que tivo lugar o 7 de decembro do 2016 procedeuse co nomeamento de novo alcalde, o cal modifica a composición da Xunta de Goberno Local, polo que de acordo coa lexislación vixente,

RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno a:
  - Dona M<sup>a</sup> del Carmen Botana Cebeiro
  - Don Jesús Sanjuás Mera
  - Don Antonio González Barral

2. Corresponderá a Xunta de Goberno e baixo presidencia desta alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións así como as que lle delegue a alcaldía ou calquera outro órgano municipal ou que expresamente lle atribúan as leis.

3. Notificar esta resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

4. Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

5. Dar conta desta resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.

## **5. Aprobación de dedicación exclusiva do alcalde**

O artigo 75 ter da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local establece que os concellos con poboación comprendida entre 3001 e 10.000 habitantes poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, como máximo tres cargos públicos.

Tendo en conta que o anterior alcalde don Ovidio Rodeiro Tato cesou no cargo como consecuencia do seu nomeamento como Delegado Territorial da Xunta de Galicia, procede en relación co novo alcalde, don Manuel Fernández Munín, a aprobación da súa dedicación en exclusiva.

Tendo en conta, así mesmo, que o límite máximo a percibir por todos os conceptos retributivos e asistencias (excluídos os trienios aos que no seu caso teñen dereito os funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais) en concellos de ata 5.000 habitantes é de 40.000 euros, propónse ao pleno a aprobación da exclusiva do alcalde no concello de Boqueixón.

O señor Canabal di: “Vaia por diante o noso voto contrario a esta dedicación exclusiva. E non porque pensemos que o alcalde non teña que ter dedicación exclusiva, senón polo importe da mesma, e por existir dúas dedicacións (a do alcalde e a do concelleiro Sanjuás).

Mantemos pois o espírito do que temos proposto na nosa “Proposta de Organización” rexistrada neste concello en Xuño de 2015, xusto despois do pleno de constitución desta corporación.

En canto ás dedicacións exclusivas mantemos a necesidade dunha soa dedicación (a do alcalde) limitada polo SMI. Neste caso o límite máximo que poñiamos á dedicación exclusiva eran de 3,5 SMI mensuais, contía amplamente superada na proposta que hoxe se trae a pleno, e que por certo, é tamén maior que a contía que se propuxera no pasado 2015.

Por outra banda, e o que nos parece máis rexeitable é que se segan mantendo as dúas dedicacións exclusivas.

Polo tanto, por crer que a contía (soldo do alcalde) é excesiva, e porque non se xustifica a existencia de dúas dedicacións exclusivas en Boqueixón, opoñémonos a esta proposta.

Por último, e xa que non tivemos ocasión de expresar a nosa opinión sobre a “fuxida” do anterior alcalde, aproveitamos tamén este punto para deixar claro o noso posicionamento. Consideramos que o paso dado polo anterior alcalde (e todo o proceso que culmina hoxe) é unha “fraude democrática”. É política e moralmente reprobable que se empreguen os resultados electorais dun concello para tirar un proveito persoal. E isto foi o que sucedeu, que o anterior alcalde, incluso en contra do que ten manifestado na anterior campaña electoral, aproveitou a súa maioría absoluta para promocionarse persoalmente no partido. E todo por un puñado de euros. Isto é o compromiso que uns e outros teñen cos intereses dos seus veciños. E aínda que non lle guste, temos que dicilo.”

O señor Sanjuás di que o seu grupo apoia esta proposta.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar a dedicación exclusiva no Concello de Boqueixón, do alcalde don Manuel Fernández Munín

2. Aprobar a seguinte retribución:

Salario bruto anual en 14 pagas:	38.844,40 €
Seguridade Social:	12.643,80 €
<b>TOTAL</b>	<b>51.488,20 €</b>

## **6. Dar conta da resolución de delegación de atribucións da alcaldía na Xunta de Goberno Local**

O señor Canabal di que se dan por enterados, mais neste punto quixeramos reiterar outra das propostas que temos feito, que de momento quedou no caixón.

Por lei, saben que os debates e todas aquelas competencias que o pleno delegue na Xunta de Goberno, son públicas, e ademais, todos os concelleiros temos dereito a estar informados. Existen sentenzas obrigando a isto.

Polo tanto, reiteramos a proposta de que nos envíen as convocatorias da Xunta de Goberno para estar informados dos temas que se van a tratar, e se son de competencia do pleno, e de interese para o grupo, poder asistir á sesión da Xunta onde se toma o acordo.

Sinala a secretaria-interventora, que foi un esquecemento, pero seranlles enviadas todas as convocatorias das Xuntas de Goberno para que poidan asistir a aquelas nas que se leven puntos delegados polo Pleno.

Dáse conta ós membros de corporación da seguinte resolución:



A) Resolución do 5 de xaneiro do 2017 de delegar na Xunta de Goberno atribucións:

“En virtude das atribucións que me outorga o artigo 41.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

RESOLVO :

1) Delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións :

- a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo pleno , aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- b) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- c) Contratación de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual ,cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.  
A adxudicación definitiva, ao terse que efectuar no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción do documento, poderá efectuarse indistintamente pola Xunta de Goberno , si coincide con sesión ordinaria, ou no caso contrario , pola alcaldía.
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto, e non se trate de contratos de obras cuxa execución exceda do presuposto anual, cuxos proxectos foran redactados independentemente para cada unha das partes da obra.
- e) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nin se trate de bens declarados de valor histórico ou artístico, calquera que sexa os eu valor.
- f) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou a outros órganos.
- g) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

- h) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral , non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
  - i) As demais competencias que expresamente lle atribúan as leis e aquelas outras que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ao municipio e non atribúan a outros municipais.
- 2) Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e publicala no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

## **7. Recoñecemento extraxudicial de facturas**

Dáse conta da factura de Gas Natural Servicios, SDG, SA, correspondente ao consumo de enerxía eléctrica correspondente ao período 2/11/2015 ó 1/12/2015 correspondente ao bombeo de Donas, por importe de 1.525,85 €.

A continuación o señor Canabal di que saben de antemán o posicionamento do grupo en canto aos recoñecementos extraxudiciais de facturas. O noso posicionamento que é coincidente co do Consello de Contas, e incluso co da propia lexislación estatal en materia de facendas locais.

Mais hoxe, e tal e como acaba de explicar o Alcalde, o tema é puntual. Unha factura de 2015 de Enerxía Eléctrica que aparece no FAC'e a finais de 2016. Certamente é curioso.

Dicir que esta factura non cumpre coas obrigas estipuladas no Regulamento de Facturación. Se no canto de ser dunha compañía eléctrica fora dun pequeno autónomo, sabiamos de antemán que se aplicaba a lexislación e que o autónomo non cobraría. Pero para compañía eléctrica parece que segue aplicándose a lei do embude, coa parte ancha para eles, claro.

Persoalmente son partidario de non pagar. Tod@s temos obrigas, e á hora de facturar, tamén as hai. E se non se cumpren as obrigas, lóxicamente non se pode esixir o pago.

Mais tratándose de algo puntual, imos absternos, aínda que reiteramos que non nos gustan nada estas prácticas.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar a factura de Gas Natural Servicios, SDG, SA, correspondente ao consumo enerxético do período do 2/11/2015 ao 1/12/2015, por importe de 1.525,85 € e correspondente ao bombeo de Donas.
2. Aboar dita factura con cargo á partida 161.221.00 do presuposto prorrogado para o ano 2017.

## 8. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 7 de novembro do 2016 ata o 5 de xaneiro do 2017

## 9. Rogos e Preguntas

Faise entrega ó señor Canabal, por escrito, da contestación á pregunta formulada no Pleno ordinario de 9 de novembro de 2016, ” *¿Quero saber que pensa o concello respecto á megafonía das misas en Lestedo, é legal? ¿Quién lle da a autorización á igrexa do seu uso?*”.

Responde o señor alcalde que “posto en contacto co actual párroco da igrexa de Lestedo comunícame que el mesmo vai a tratar este tema da megafonía e que incluso falará con aqueles veciños/as que protestan ou que non están de acordo, para buscar unha solución.”

### A) Rogos e preguntas formuladas polo concelleiro Xabier Canabal.

1.- Recordaran os concelleiros que no anterior pleno deixamos sobre a mesa a ordenanza de servizos sociais, para revisar conxuntamente coa traballadora social, os coeficientes de ingresos aplicados aos usuarios na ordenanza, e ver a posibilidade de establecer unha “Renda Municipal Básica”, definida como unha renda subsidiaria da Risga ou das pensións non contributivas e que paliaran situacións de vulnerabilidade ou situación de risco ou exclusión social non previstas nos casos de emerxencia social ao ser máis permanentes no tempo.

A pesares da importancia do asunto, van aló dous meses, e non parece que o grupo de goberno teña moita presa na súa aprobación. Para cando se aprobará? Cando poderemos sentarnos para ver estes temas coa traballadora social?

Responde o señor alcalde que a traballadora social lle comentou que se debe aprobar á maior brevidade para poder desempeñar a súa función correctamente. Así mesmo, di o señor alcalde ás concelleiras señora Soutullo e señora Seijo que se reúnan canto antes coa traballadora social.

2.- A segunda cuestión que queremos expoñer é cando se van a aprobar os orzamentos para o presente ano. Ver tamén se teremos a oportunidade de facer achegas, e reclamamos a súa pronta aprobación posto que imos xa con certo retardo.

Responde a secretaria interventora que o orzamento, practicamente está realizado, que só debe reducir o importe no gasto porque se aplicou no límite de gasto o 2,2%, cando posteriormente se aprobou o 2,1%, e por outro lado, faltan os proxectos a incluír no plan de investimentos, aínda que si consta o importe total.

Posiblemente, no pleno de marzo se poidan aprobar, se procede.

3.- En canto ao Plan Único da Deputación, queremos saber as obras que van ir incluídas neste, e se terán en conta as obras propostas polo Grupo de Veciñ@s (Aglomerado

Loureda – Lavacolla; Aglomerado Pico Sacro – Milleirós (Lestedo); Aglomerado Ledesma – Sucira – Donas – Codeso).

Responde o señor alcalde que o plan aprobarase nunha próxima sesión que terá lugar en febreiro, posto que o prazo finaliza o 24 de febreiro.

Pregunta o señor Canabal si se terán en conta algunha das obras que eles propuxeron.

Responde o señor alcalde que a estrada a Loureda, por importe de aproximadamente 100.000 €. Así mesmo a de Ledesma a Codeso que se vai asfaltar.

O señor Canabal di que onde está a igrexa de Sucira, a vía está en moi malas condicións e o señor Barcala di que se debería asfaltar o mínimo e que é mellor aglomerar.

**4.** Un veciño preguntame que se debe facer se se atopa un niño de velutina.

Resposta: os veciños poden chamar ao concello ou ao 012 ou ao 112.

Se chaman ao 012 ou 112, a través dunha plataforma derivan a chamada ao concello. Se desde o concello non se pode retirar, por exemplo porque está a moita altura, o concello a través da plataforma comunícao e neste caso actuaríase a través da Xunta.

Lévanse retirados uns 20 e neste momento hai 15 nos que non se pode actuar dende o concello.

**5.-**Gustaríanos saber se o Concello ten constancia da existencia dalgún proxecto público / privado de forestación no entorno do Pico Sacro. En caso de que exista, ten o concello pensado facer algo con respecto ao tema?

Responde o señor alcalde que hai unha asociación forestal actuando nalgunha zona.

Di o señor Canabal que se se puidera erradicar o eucalipto sería o correcto.

**6.-** En canto ao acceso á información, desexaríamos que puidera ser os sábados os días para acceder aos expedientes solicitados. Sabemos que é un día administrativamente inhábil, mais non sería moi complicado que puideran dispoñernos en algún local do Concello a información, e darnos acceso a el. Aproveitando a ocasión, dicir que se tiveramos un local de traballo asignado ao grupo municipal, poderían deixarnos alí os expedientes e posteriormente retiralos.

Responde a secretaria-interventora que os sábados son inhábiles, co cal e salvo un suposto excepcional, non se abre o concello.

O señor Barcala di que os sábados el tamén traballa.

A secretaria di que é o señor alcalde o que ten que falar co persoal.

B) Rogos e preguntas realizados por Maricarmen Soutullo.

1.- Solicitamos que se nos facilite a frecuencia horaria do transporte metropolitano no noso concello. Queremos ter datos específicos da prestación deste servizo, para ver de facer algunha proposta viable, posto que actualmente, este antóllasenos moi precario.

Resposta: con data 12 de outubro deste ano a titular do departamento de cultura do concello, remitiulle á señora Soutullo un correo electrónico no cal se indican os horarios así como a forma de acceder a eles.

2.- Quedou do anterior tema sen contestar, ou contestado moi parcialmente o tema da recollida porta a porta de voluminosos, polo que insistimos no tema. Contempla o concello facer a recollida porta a porta de voluminosos?

Responde o señor alcalde que hai poucos medios no concello para prestar ese servizo. Non obstante os voluntarios que atenden o punto limpo, fan a recollida. Neste momento estase facendo un estudo para ver se a través de COREGAL se pode prestar este servizo.

### C) Rogos e preguntas realizados polo concelleiro Perfecto Barcala.

1.- Sobre o tema da recollida selectiva, queremos saber como e cando se fará a recollida selectiva de pilas.

Responde o señor Sanjuás que as persoas chaman ó concello e vaise recoller.

2.- Solicitamos que se faga un control do uso do campo de fútbol e ver a posibilidade de abaratar as taxas de uso.

3.- En canto ao parque infantil de Ledesma, queremos saber porque non hai bambán, e se hai a intención de volver a colocalos.

A señora Ana M<sup>a</sup> Seijo di que xa se fixo unha petición

4.- Reiteramos unha vez máis, e xa van moitas, a profunda preocupación polo tema de internet no noso concello. A situación é autenticamente calamitosa, co agravante de que cada día estamos a perder aínda máis prestacións. Que información temos de internet?

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e prace  
O alcalde